

Antonia Pozzi

Lume branco

Escolma e tradución de
Lara Dopazo Ruibal



rinoceronte

Prólogo

En xuño de 1937 Antonia Pozzi escribiu estes versos no seu poema “Mensaxe”:

pero na miña escuridade conquistada
brillarás, lume branco,
falando aos vivos da miña morte.

Tiña daquela vinte e cinco anos e non publicara ningún libro de poesía. E non chegou a publicar ningún en vida; ano e medio despois, en decembro de 1938, suicidábase en Milán, a cidade na que nacera e na que vivira. Deixaba tras dela unha serie de cadernos de poesía, diarios e cartas que resultaron ser un auténtico tesouro literario.

Aquela “Mensaxe” semellaba unha premonición. E en certa maneira érao, porque a súa poesía, lume branco, seguiu a brillar ata hoxe para falarnos aos vivos da súa escuridade conquistada.

Pozzi viviu no período de entreguerras dunha Europa convulsa, na Italia de Mussolini. Ela pertencía á clase privilexiada de Milán: era a única filla dun recoñecido avogado e dunha nobre. A súa familia tiña grandes expectativas a respecto da educación e a vida da súa filla. Así, Antonia Pozzi fai parte da vida cultural da cidade, acode acotío á ópera, ao teatro, ten acceso a unha inmensa biblioteca familiar, relaciónase con persoas vinculadas ás artes e á intelectualidade da época, viaxa ao estranxeiro, fala alemán, francés e inglés, practica a escalada e a fotografía. Refúxiase con frecuencia

na casa de campo que a súa familia tiña en Pasturo, ao pé da montaña Grigna. E, sobre todo, le e escribe.

A súa primeira poesía estivo motivada polo amor e o desamor. Con dezaseis anos namora do seu profesor de latín e grego do instituto, Antonio Maria Cervi, moito maior ca ela e que, nun primeiro momento, rexeita ter unha relación e solicita o seu traslado a Roma. A familia de Pozzi oponse radicalmente a que estean xuntos e, tras unha relación a distancia chea de obstáculos, finalmente rompen cando ela ten 21 anos. A dor producida pola ruptura amorosa e a imposibilidade desa vida soñada con el son o motor e tema principal dos seus primeiros anos de escritura poética. Sen dúbida, a amorosa é a súa poesía máis coñecida, dentro e fóra de Italia. Porén, a súa obra reborda a temática amorosa e a súa vida foi, por forza, moito máis que esta relación truncada con Cervi.

Estuda a licenciatura de Filoloxía en Milán e entra a formar parte dun círculo de estudantes discípulos de Antonio Banfi, baixo a dirección do cal realiza unha tese de licenciatura sobre Flaubert. A ese círculo banfiano pertencen algúns intelectuais e artistas salientables da época; un ambiente estimulante, con clara inclinación de esquerdas e do que formaban parte persoas de diferentes estratos sociais. Neste entorno, Pozzi é valorada intelectualmente pero invisible no literario. Ninguén nese círculo, incluído o profesor Banfi, valora os seus textos líricos –mesmo a convencen para abandonar a poesía e centrarse noutros xéneros, como a novela. Isto, sumado á falta de referentes que tiñan daquela as mulleres escritoras, fai probablemente que se mine a súa confianza en si propia como poeta. Pero mesmo así continúa a escribir,

como quen se enfrenta ao inexorable. Así o di o poema “Un destino”, no que o ascenso á montaña, como a escrita da poesía, encarnan un camiño de liberdade:

e se ningunha porta
se abre á túa fatiga,
se che é devolto
a cada paso o peso do teu rostro
se é túa
esta que é máis ca unha dor
alegría de continuar soa
no límpido deserto dos teus montes

agora aceptas
ser poeta.

Antonia Pozzi comeza a escribir poemas con dezasete anos, os primeiros datan do ano 1929. A súa poesía é testemuña da súa intelixencia, da súa sensibilidade e da súa bagaxe intelectual. Pese aos cambios que foron transformando a súa escrita e a si propia co paso dos anos, hai elementos do seu universo poético que se mantiveron ao longo do tempo: o entorno natural, a montaña, o paso das estacións e a presenza constante da soidade e da morte. Foi unha poeta moi consciente do propio acto de creación, da laboriosidade que esixe a poesía, da necesidade de irse zafando da retórica, das frases feitas, dos lugares comúns e do convencional, para aspirar á perfección baixo a máscara dunha aparente simplicidade.

Se, como dicíamos, o amor é un tema central na súa primeira poesía, aos poucos van introducíndose outros que a abren a diversos mundos, alén de si mesma e da súa vida

acomodada. Comezan a aparecer os efectos e as vítimas da guerra como tema –no ano 1935 Italia invade Etiopía para anexionala ás súas colonias africanas, e a Guerra Civil española comezará o ano seguinte–; mais tamén toman relevancia a periferia e os seus habitantes, a poboación pobre que nada tiña que ver co mundo no que ela nacera e vivía.

É a partir do ano 1935 cando comeza a abrirse o seu universo poético notablemente. A eses entornos naturais que lle eran tan propios, intercálanselle escenas urbanas. A súa poesía gaña profundidade, vai ir tomando un rostro cada vez máis humano; os seus poemas comezan a poboarse de xitanos, de labregos, de obreiros, de nenos famentos, de familias desafuzadas, de mulleres que teñen os homes na guerra, de exiliados polas “leis raciais” do fascismo. Pese á propaganda continua do réxime fascista, Pozzi sabe que vive nun momento de crise –social, política, cultural e tamén moral–, e esperta os seus textos a esta realidade dura e dolorosa.

Os seus temas –tratados desde a ollada dunha muller e reparando sobre todo naqueles que habitaban a periferia xeográfica e política– e o seu estilo, unidos ao feito de que era muller e nova, fixérona ser escasamente valorada, invisible como poeta na súa época.

Porén, Pozzi abriu unha fiestra á poesía que se escribiría en Italia de alí en diante.

Apenas publicou un só poema en vida. Un ano despois da súa morte, o seu pai publica unha escolma baixo o título *Parole –Palabras–*. Pero antes, aplica sobre os poemas, diarios e cartas unha particular censura, para eliminar todo aquilo que consideraba inadecuado, e que cría que podería afectar ao nome da súa filla ou ao da súa familia.

Será moito tempo despois cando algunhas estudosas, entre as que cómpre salientar a Onorina Dino, rescaten e

revisen en profundidade a obra de Antonia Pozzi, publicando edicións revisadas e estudos sobre a súa obra que a colocan, por fin, no mapa dos grandes poetas de Italia. Para a presente tradución utilizouse a edición de *Parole* a cargo de Graziella Bernabò e Onorina Dino, incluída dentro da *Opera Omnia*, que comprende toda a poesía, cartas e diarios de Antonia Pozzi que se conservan.

Nesta escolma recóllense os poemas que escribiu entre mediados de 1935 e 1938. Uns textos nos que comparten presenza a natureza e a montaña co corpo, os corpos, os poboadores das marxes, as emocións, a soidade e o desencanto co horizonte gris que ameazaba a Europa dos anos 30. Nestes anos a súa perspectiva ensanchárase, os poemas xa non falaban só da súa realidade persoal, senón doutras perspectivas, doutros mundos, sen renunciar á sensibilidade, á beleza e á súa maneira particular de estar no mundo, atravesada pola soidade e pola frustración de non acabar de encaixar de todo nel.

*Non sei: nunca sentira tan forte coma nestes días
a sensación de ser transportada por unha corrente
violenta, a unha altísima tensión. E, ao mesmo tempo,
nunca tivera tan sólido o sentido da personalidade e
da responsabilidade. Síntome nun destino.*

É difícil que estas intuicións estean erradas.⁶

A súa poesía é o testemuño do fascinante mundo que Antonia Pozzi teceu nos seus 26 anos de vida.

Lara Dopazo Ruibal

6 Extracto dos diarios, datado o 10 de setembro de 1937.

Dopo

Quando la tua voce
avrà lasciato la mia casa

ritorneranno di là dal muro
parole rauche di vecchi
a nominare nell'oscurità
invisibili monti.

Udirò greggi
traversare la notte:

il vento – curvo
sul letto dei torrenti –
scaverà
incolmabili valli nel silenzio.

2 giugno 1935

Despois

Cando a túa voz
abandone a miña casa

regresarán de alén do muro
palabras roucas de vello
a nomear na escuridade
montes invisibles.

Oirei rabaños
atravesar a noite:

o vento – curvo
no leito dos torrentes –
escavará
inabarcables vales no silencio.

2 de xuño de 1935

Brezza

Mi ritrovo
nell'aria che si leva
puntuale al meriggio
e volge foglie e rami
alla montagna.

Potessero così
sollevarsi
i miei pensieri un poco ogni giorno:
non credessi mai
spenti gli aneliti
nel mio cuore.

8 giugno 1935

Brisa

Atópome
no aire que se ergue
puntual ao mediodía
e leva follas e ramas
á montaña.

Poderían así
erguerse
os meus pensamentos un pouco cada día:
nunca crin máis
apagados os aneis
no meu corazón.

8 de xuño de 1935